

MUXICAS DOBRE ÁLBUM

Somos diferentes
e así nos expresamos

Xorden discrepancias internas: está quen se inclina por traballar repertorio para facer catro/cinco actuacións anuais de nivel concerto, e está quen propón un traballo máis pedestre, con máis actuacións en festas, corredoiras, alboradas, e tamén, se xorden, concertos.

Non se chega a un pacto cordial e dous membros deciden abandonar a formación: Xosé A. Rey e Xoán Somoza. Os tres membros que continúan, Rin-Rin, Moxenas e Xosé Manuel, seguen a traballar tanto nos ensaios como facendo actuacións. Desta época son os espectáculos que ofrecían semanalmente no pub “Topaz” primeiro e no pub do hotel “Lisboa” despois, para os que se facían acompañar dunha parella de baile.

En 1983/1984 hai novas incorporacións: Liño Figueroa (proveniente da escola de gaitas de Valadares) vaise facer cargo do bombo, integrándose rapidamente na percusión. Xosé Anxo Failde, pandereiteiro e gaiteiro, vaise facer cargo da pandeireta varios meses máis tarde.



Liño Figueroa co grupo Aturuxo, antes de incorporarse a Muxicas, tocando o pandeiro.

As características destes dous novos membros son fundamentais para comprender a posterior evolución do grupo. Ámbolos dous son percusionistas e gaiteiros, así que o potencial do grupo multiplícase. Xa non somos un quinteto, continuadores da liña herdada, senón que podemos tocar unha, dúas, tres, catro gaitas ó tempo, unha, dúas, tres pandeiretas incluíndo a “Rin-Rin” que tamén se apunta a ampliación de horizontes instrumentais; e engadimos máis instrumentos na bagaxe do grupo: pandeiros, cunchas, tarrañolas, charrascos, pitos, requintas, e a zanfona nas mans de Xosé Manuel.



Estamos nos tempos do nacemento do Obradoiro de gaitas da Universidade Popular en Vigo, que aglutinou os máis dinámicos e sorprendentes músicos tradicionais da bisbarra. Moitos tivemos a oportunidade de traballar alí e descubrir por nós mesmos que a zanfona era moi doada de tocar, a requinta era unha frauta básica asequible para moita xente, e a gaita é un instrumento que responde, como todos os instrumentos, a uns principios acústicos mesurables,

estudiables e transmitibles, con gran potencial e un fermoso futuro. Mágoa que os encargados alí non se enteren de nada diso e o envolveran todo nun halo de misticismo e misterio. Alí quen non renda pleitesía e se atreva a ser crítico, mesmo tendo poderosas razóns obxectivas, é marcado, sacrificado e o cabo expulsado.

Así que, facendo caso omiso ás ameazas de terribles cataclismos telúricos desencadeados pola incorrecta execución na montaxe das cordas nunha zanfona e o seu algodónado ou o enresinado da roda, uns poucos irreverentes puxémonos a incluír vellos instrumentos galegos, caídos en desuso, para xogar con eles e ampliar os nosos horizontes. E non foi fácil de conseguir. Pateamos toda Galicia buscando quen fixese zanfonas para mercarlle unha, e non “lyras organizzata” desestructuradas como as se construían na U.P. de Vigo facéndoas pasar por zanfonas. Fomos a Monforte, fomos a Santiago, falamos con xente de outros grupos que tocaban zanfona, ... Finalmente conseguimos que Luciano, de Lugo, nos incluíse nas solicitudes que tiñan para facer unha.

Pero non adiantemos acontecementos.

Andamos polos anos 1984/1985.

O grupo está formado por Rin-Rin, Moxenas, Xosé Manuel e os incorporados Liño e Failde. Había anos que descubríramos, da man de Ricardo Portela, da existencia do Obradoiro Seivane, en Riveira de Piquín. E xa tocabamos con punteiros de Xosé Seivane. De feito encargámoslle catro punteiros en *DO* para poderen tocar xuntos os catro gaiteiros do grupo. A Moxenas ocorréuselle, ignoro o por qué, encargarlle dúas gaitas en *LA*. Cando me preguntou, para mercalas, pareceume ben. (O esperable sería encargar *Sib* que equivalería a un certo estándar de gaita tumbal, pero foi *LA* a elección, non sei se baixo o consello de Seivane). E Moxenas chegou a un acordo persoal con Carlos Corral, no que lle trocaba a súa cámara de fotos por unha gaita en *RE*.

Nesa época ensaiábamnos no local cedido pola da AAVV de Coia, un espazo lóbrego, a cemento e formigón vista, pero do que tiñamos chave e podíamos deixar os instrumentos gardados. Cando chegabamos nos días de ensaio o primeiro era montar e preparar os instrumentos, tanto de percusión como as gaitas. Gaitas de *DO brillante*, *DO*, *LA* e *RE*. Afinábamnos as de *DO*, para que poidesen preparar os seus instrumentos de percusión Liño e Failde, afinabamos as de *LA* Moxenas e Xosé Manuel e por último cando era necesario para algún tema se afinaba a de *RE*. Foi nesa situación onde coincidiron a tocar/afinar unha gaita de *LA* e unha de *RE*. Foi casualidade, pero é que soaban os rancos moi ben. E os punteiros tiñan moitas notas en común. Vaia. Desconcertante, alucinante, excitante. É difícil de explicar. Importante salientar que estamos a falar de gaita de *LA* con ronco e ronquilla, e gaita de *RE* con ronco e ronquilla. Foi como si acabáramos de conectar un pequeno órgano de tubos. Humilde, si, pero cunhas pedais graves e grandiosas. Dado que a gaita de *LA*, para tocar coa de *Re*, tiña que trasladar a tónica unha cuarta e dixitar a escala de forma distinta á habitual, pois o seguinte paso era intentar tocar algunha melodía desde esa nova altura no punteiro. E non resultou demasiado complexo. De feito foinos moi doado e calquera o pode facer. Así que xa temos gaitas de distintos tons tocando ó tempo, abrindo dúos e aproveitando as posibilidades que da o ter máis notas graves que antes (a gaita de *LA* baixa dende o *RE* grave

até *LA* grave cousa que a de *RE* non pode). Falo sempre de notas reais por altura sonora. Cando falo de *LA* é un *LA* no piano, e é a tónica na gaita de *LA*. Espero que non sexa lioso.

Sobre todo porque nesa época, onde ningún dos membros de Muxicas sabiamos solfa, o sistema que utilizabamos era máis elemental. Sabiamos, mal que ben, cales eran os nomes das notas nun punteiro de *DO* e pouco máis.

Así que cando tocabamos gaitas en outros tons mantiñamos os mesmos nomes que se fosen *DO*. Polo tanto cando se tocaba unha gaita de *RE*, a tónica lle chamabamos “*DO*” e se era a gaita de *LA* pois igual, a tónica lle chamabamos “*DO*”. Non se correspondían os nomes coas notas reais se as comparabamos cun piano, pero como non tocabamos piano

É necesario ter en conta todo isto para entender o seguinte esquema que recuperamos do arquivo, onde se sinalan as notas que cada gaita debía dixitar en cada acorde para que soara o efecto desexado:

ACORDES DA
TOCATA DE ALZAMENTO DE REDONDELA,
PARA TRES GAITAS. (LA/RE/LA)

	LA	RE	LA
1	DO ↓	SI	SOL
2	DO ↓	DO	LA
3	MI	RE	SI ↓
4	FA	MI	DO ↑
5	FA	MI	DO ↓
6	RE	FA	RE
7	FA	MI	FA
8	FA	FA	RE
9	DO ↓	MI	DO ↑
10	DO ↓	SI	SOL
11	DO ↓	DO	FA

ARREGLO: XOSE MANUEL
20-I-85

Un dos primeiros temas que se montaron para esta novidosa configuración *LA/RE* foi “A Barroca”. Un tema xa existente, como xa vimos, dende principios dos oitenta, pero que aparecía claro como candidato porque a segunda parte, o Alzamento, era marabillosamente lento e con enorme potencial polifónico. Para o arranxo, dado que en Muxicas nese momento ningún sabíamos solfa axudeime do armonio de pedais que tiñan os franciscanos no local onde tamén ensaiaba Lembranzas Galegas. Foi tan simple como marcar no teclado (a lapis) a extensión da gaita de *LA* e da gaita de *RE* para saber de que notas dispuña e logo ... pois ó lío.

Precisamente en 1985 ten lugar un suceso relevante na historia de Muxicas. Entre os días 22 e 28 de xullo vai ter lugar o “8º FESTIVAL CELTA DE VIGO”. Organizado polo Concello de Vigo, con maioría do PSOE.

E Muxicas é contratado para abrir o festival o día 22.

Nese momento un dos traballos de Xosé Manuel, como director e presentador dun programa diario en Radio Nacional de España sobre música galega, permítelle ter acceso á información do orzamento do festival, de canto se vai investir nos equipos de son e de como se vai artellar. A realidade é que os primeiros días van ser cubertos por grupos galegos, e do día 25 ó 28 amais de grupos galegos veñen contratados grupos europeos da órbita “celta”. E ate aí vai normal a cousa.

As nosas alertas saltan cando, do orzamento do festival de case 102.000,00 € (17 millóns de pesetas no ano 1985) o equipo de son e luz contratado en Madrid, profesional e potente, ven unicamente os días 25 a 28, e os grupos galegos dos días 22, 23 e 24 temos que tocar, no Auditorio ó ar libre de Castrelos, de noite, con megafonía de bucinas festeiras colgadas nas árbores, e unha mesa de son diminuta e achantada nun lateral do escenario. Das luces xa nin falo.

Con esta información convócase unha reunión de urxencia no local de ensaio de Muxicas e, unha vez exposto o problema, tómase a decisión de plantarlle cara ó goberno municipal de Vigo (suponse que tiña que ser progresista) que, igual que sucedía cando a ditadura, seguía a considerar ós músicos tradicionais de Galicia coma lixos. E como tales nos trata. Iso foi o que sentimos.

Fomos o día de autos ás 17h a Castrelos coa intención de facer probas de son, non fose a cousa que a información non estivese correcta, coas nosas gaitas en distintos tons, a zanfona, pitos, pandeiros, pandeiretas, bombo, tamboril e resto de instrumental (lembremos que estamos en vésperas de gravar o dobre álbum) e nos atopamos o xa comentado das bucinas e a mesa de cinco ou seis canles. Non lembro. E ademais os comentarios desprezativos de “quen nos pensamos que somos” ou “se é que pensades que sodes ...” poñede o nome dun grupo folk galego/celta de soa. Imposible amañar nada.

Baixamos a cabeza e calamos a boca. Á hora do concerto chegamos, puxémonos os traxes, collemos os instrumentos e subimos ó escenario. Castrelos cheo (e non por nós. É que abríamos o Festival). Xosé Manuel colle un dos escasos micros que están no escenario e se dirixe ó respectable para explicarlles que esas condicións terceiro mundistas non son admisibles a finais do século XX. Que o único que pedimos é respecto e a posibilidade de

mostrar o noso traballo. E que sentíndoo moito non imos tocar. A resposta do público foi excelente. Aplaudíronnos, puxéronse en pé, e saímos do escenario. Xa estaba a esperar por nós, a pe de escaleira, o Concelleiro de Cultura de Vigo, do PSOE, D. Francisco Santomé para, cun sorriso cínico nos beizos, felicitarnos pola nosa acción e de paso comentarnos que non íamos tocar nunca máis nin en Vigo nin onde tivese capacidade para evitalo. E así como era de capaz de desprezar e cuspir sobre a cultura de Galicia foi de capaz de cumprir a súa ameaza. Muxicas deixou de existir en Vigo (e área de influencia dos gánsteres). Tamén estaban implicados na organización outros desprezadores compulsivos da Cultura Musical de Galicia, azotes de irreverentes, pero iso queda para outro momento.

É de reseñar que en canto marchou o devandito Concelleiro de Cultura, achegáronsenos moitos dos gaiteiros presentes en Castrelos, para felicitarnos pola acción reivindicativa que vimos de facer. Felicitarnos polo noso valor. Porque xa era tempo, ... Moitos deles convocados e contratados (coma nós) para tocaren en Castrelos en días seguintes. Felicitacións si. Pero tocaron todos.

Nesta época dispárase a capacidade de Muxicas para montar novos temas. Combinacións de múltiples instrumentos melódicos e percusivos abría un territorio de posibilidades inexploradas vasto e fértil. Montamos temas para gaitas en distintos tons, con zanfona, con pitos, con pandeiretas, tarrañolas, pandeiros, bombos, tamboriles, charrascos. En fin unha acumulación de traballos realizados que, cando no ano 1986 decidimos que poderíamos intentar falar con EDIGAL para gravar outro disco, atopámonos cunha morea de cousas que queríamos incluír.

E con algúns problemas ós que tiñamos que dar solución. Dado que a responsabilidade da afinación das gaitas era cousa de Xosé Manuel, porque así o viña facendo dende o principio, e que tamén tiña a responsabilidade da afinación da zanfona (instrumento do que se dicía, e aínda se di, que te pasas media vida afinando para tocar a outra media vida desafinado) expón a necesidade de ampliar o grupo para un reparto de tarefas máis equilibrado. Barállanse varias opcións e, ó cabo, a persoa proposta para entrar é María Xosé López, que Xosé Manuel coñecera na Universidade Popular. Gaiteira de solfa, formándose coma artesá de de gaitas e tocadora de zanfona, era unha fantástica candidata para ampliar e enriquecer o futuro de Muxicas. Non todos os membros de Muxicas entenden necesaria a proposta, e xenéranse discrepancias de fondo. Hai quen opina que dar entrada a unha muller está fóra de lugar (eiquí estou a ser moi comedido), hai quen se posiciona a favor e hai quen sen mantén ó marxe.

De tódolos xeitos había outros problemas inmediatos máis acuciantes que solventar. Como conseguir gravar tódolos temas que temos preparados, se non collen nun disco? Cales van quedar fora?

A solución propúxoala Xosé Manuel: “Fagamos dous bloques de temas. Un bloque de “temas bailables” e outro de “temas para escoitar” e intentemos facer un disco dobre”. Logo de confeccionar un borrador cos temas, selección realizada mediante consenso, presentóuselle o proxecto a Couceiro que, logo duns días, chama a Xosé Manuel a Santiago e lle di: “Veño de consultar con distintas persoas a opción dun disco dobre de música galega e hai coincidencia en que é un proxecto economicamente pouco viable”.

A solución sería un compromiso por parte de Muxicas de gravar os 24 temas no tempo destinado á gravación dos 12 que corresponden a un LP.

Xosé Manuel transmite as novas ó resto do grupo e se sopesaron as posibilidades de facelo. Lembremos que a gravación vaise realizar co traballo feito nun 70/80% xa que había temas que non se montaran por, por exemplo, non ter instrumento (caso zanfona), ou instrumentistas que habían de dobrar. E algún tema que practicamente nunca se tocara, coma o “Vals Romántico”, ou a “Muiñeira” co ronco en tónica e a ronquilla en terceira. Non obstante, o entusiasmo en ausencia de sentido común leva a facer cousas imposibles. Así que se acepta o reto. Pídese prestada unha “zanfona/lyra” a Xan López, do Colectivo Paseniño, e se realiza un importante labor de pre-producción, pautando detalladamente tódolos temas para que coincidiran os tempos de cada cara dos discos (iso é algo que xa non se fai, pero daquela era sumamente importante para que, nos casetes, cando rematara unha cara non quedara a cinta correndo sen son, polo desaxuste nos tempos totais de cada cara), asignando cada minuto de estudio ós instrumentos que van participar en cada caso. Temas que se van gravar, en qué orde, por bloques de instrumentos para optimizar o tempo e, craso erro, levando prevista a posibilidade de gravar cunha claqueta aínda inexistente, que permitiría entrar por instrumentos e pistas. Claquetáronse os primeiros temas no estudio e así descubrimos que gravar con claqueta sen experiencia previa é un sindios. As velocidades dos músicos flutuaban escandalosamente con respecto ó pulso constante, e o conxunto daba unha sensación irreal, descadrada e falsa. Non valía. Así que recompuxemos o tipo e mudamos de estratexia.

Aínda non se citou que esta gravación si que se efectuaba nuns verdadeiros estudos de gravación. En SONOLAND, en Madrid, cunhas instalacións potentes con varias salas con mesas de son, e cadansúa con cabinas propias con acústicas distintas. Nós traballamos, baixo o control do enxeñeiro Anxo Gil, utilizando un estudio con dúas cabinas, unha grande de son opaco e unha pequena de son brillante. E mesmo metendo algún instrumento miúdo dende a cabina de control. Así que as gaitas gravaron xuntas na cabina grande. E simultaneamente o tamboril, o bombo e a pandeireta na cabina pequena. E logo se engadiron, sobre esa base, o resto dos instrumentos: zanfona, tarrañolas, culleres, charrasco, etc. En fin, isto é grosso modo. Logo cada tema haberíao que analizar por separado.

Houbo algún tema que tivemos que gravar con gaitas distintas ás inicialmente proxectadas por non dar afinado ó noso gusto algún dos tons, pero en xeral ó certo é que se cumpriron as previsións e os prazos con largueza, e no tempo que teríamos gravado un disco gravamos e mesturamos dous.

Vig. 10-I-86

Amigo Couceiro:

Espero unha rápida
resposta. Para que non poiden olvidarse
lémbrote que as datas escollidas para
efectiva gravación son as comprendidas
entre os días 1 e 5* ambos días inclusi-
vos, e algúns días máis para facer
algúns de nós a mestura.

Unha Saúdo

Xosé Manuel


* Do mes de ABRIL-86

Texto enviado a EDIGAL por Xosé Manuel para pechar as datas de gravación do que será o dobre álbum "MUXICAS". (Supoño deprimente para os contadores de contos sen contrastar atopar evidencias e probas de como se fixeron as cousas e, sobre todo, de quen fixo as cousas. En fin, a próxima vez que pregunte os membros vivos do grupo antes de escribir tontadas.)

Porque aquí si que a produción artística foi cousa nosa. Á hora de balancear, poñer planos, separar instrumentos, establecer colchóns, decidir e definir fixemos valer a nosa opinión. Xosé Manuel foi o responsable de establecer e realizar o resultado final do disco. Asesorado e aconsellado sempre, por suposto, polo enxeñeiro de son que é o que sabía qué botóns mover.

E non foi doado porque había que decidir en qué plano se situarían os instrumentos, e as percusións sempre lles parecían a moitos moi altas.

Para a carpeta do disco Moxenas fala cun alumno seu, Raúl, que fai caricaturas con aerógrafo. Pasámoslle cadanseu unha foto e realizou os preciosos debuxos da portada e da contraportada así como o deseño xeral da cuberta. Encárgaselle a Liño o debuxo interior da fonte da Barroca, e dos textos encárgase Xosé Manuel, que decide incluír no deseño un breve poema que lle regalara había algún tempo Moxenas.



Para desfrute dos máis mitómanos, que de seguro os hai, esta é a folla orixinal, asinada, co poema que se imprimiu no disco.



Detalle da portada do segundo disco de Muxicas asinada por todos. O debuxo orixinal consérvase no noso poder.

Camiño de volta para Vigo, no vagón/litera que nos traía ós cinco, e mentres escoitabamos a maqueta da gravación en casete, Moxenas declara que deixa o grupo porque non se sente capacitado para seguir na liña de temas en distintos tons que estamos a coller, que el non sabe facer, e a él comprácelle máis unha liña máis tradicional tipo cuarteto ou quinteto. Ó que se resposta é que si, que efectivamente non se lle ve con ganas de aprender a tocar en distintos tons, nin abrir cara unha proxección máis folc ó grupo. Ofrécenos cordialmente ó que necesitamos para continuar (pensem que as súas gaitas forman parella coas de Xosé Manuel, o outro gaiteiro titular), pero ó cabo de pouco tempo a relación vana degradando: “que se necesitamos as súas gaitas que nolas deixa sen problemas”; Días máis tarde “que se necesitamos as súas gaitas que as vaíamos a recoller pola súa casa”; E poucos días despois “que se necesitamos as súas gaitas para ensaiar ou para o que sexa que pasemos pola súa casa a recollelas e a deixalas o final do ensaio” ; e o cabo “que non quere saber nada de nós”.

Así que pasamos dunha separación acordada a unha fuxida sen retorno. A partires dese momento empezamos a sufrir todo tipo de zancadillas, enganos, mentiras e calumnias que culminan coa edición dun libro, no que un presunto historiador, máis ben escritor de contos sen contrastar, sublima a degradación máis sórdida de quen se debería sentir orgulloso de ter formado parte da construción dun grupo como Muxicas. Unha pena. Pero Muxicas, contra vento e marea, continuou a súa andaina.

Neste momento o local de ensaio é o vestiario do clube de fútbol do Cristo da Victoria, en Coia-Vigo, do que é directivo Manolo Rin-Rin.



Pouco despois da volta de Madrid, e xa co grupo inmerso nunha nova crise existencial, se encadea unha ferverza de acontecementos que marcarán o devir de Muxicas para sempre.

Manolo “Rin-Rin”, nun desesperado (e recoñezo que tenramente solidario) intento de impedir a marcha de Nazario declara que se vai se el non volve. E se foi. E non reaparecerá en Muxicas, primeiro coma convidado e logo coma membro de pleno dereito, ate anos máis tarde.

Xosé Ánxo Failde incorpórase ó Servicio Militar Obrigatorio. (E cando volta xa non segue a súa carreira musical). Así que causa baixa no grupo.

No grupo unicamente permanecen Xosé Manuel Fernández e Liño Figueroa, firmemente decididos a continuar unha andaina que se adiviñaba chea de sorpresas e marabillas por descubrir.